

Samain

Coruña 2018

Únete á lenda



CORUÑA
>PRÓXIMA

Con motivo da celebración do Samain 2018, o Concello da Coruña convoca unhas actividades destinadas a promocionar o comercio de proximidade, mediante visitas dos centros de educación primaria da cidade aos comercios do seu barrio e a entrega de vales de compra aos gañadores dun concurso de disfraces a celebrarse na festa do 31 de outubro de 2018, de acordo coas seguintes:

Bases

PRIMEIRA.

Poderán participar na actividade de promoción todos os establecementos do comercio de proximidade da cidade da Coruña, con zona interior ou escaparate ambientado con motivos do Samain, dos seguintes barrios ou zonas comerciais: Monte Alto, Obelisco-Orzán, Riazor, Falperra-Picasso, Oza-Cuatro Caminos, Os Mallos e Conchiñas-Barcelona. En caso de dúbida sobre a localización do establecemento, someterase ao criterio do xurado, formado polos representantes do tecido asociativo do comercio da cidade e de técnicos do Concello, cuxas decisións serán inapelables.

SEGUNDA.

Entenderase comercio de proximidade como aquel non situado en grandes superficies. Non estarán considerados como comercio de proximidade bancos, supermercados, grandes cadeas comerciais e aqueles relacionados coa hostalaría (bares e restaurantes). En caso de dúbida someterase ao criterio do xurado.

TERCEIRA.

Será condición imprescindible ambientar con motivos do Samain a zona interior ou escaparate dos locais para poder tomar parte na promoción, podendo eliminarse do sorteo de vales de compra a aqueles que non alcancen un mínimo nivel de calidade na ambientación, segundo o criterio do xurado.

CUARTA.

Os establecementos participarán a título individual.

QUINTA.

Os establecementos deberán ter preparada a súa ambientación do 12 ao 31 de outubro como mínimo. Deberán ter en lugar visible os elementos identificativos da actividade que se lles facilitarán.



Samaín

CORUÑA 2018

Únete á lenda



CORUÑA
>PRÓXIMA

SEXTA.

A inscrición na actividade será gratuíta, debendo realizarse mediante o envío dun correo electrónico a participa@samaincoruna.com, facilitando os seguintes datos: nome comercial, titular, NIF/CIF, dirección, correo electrónico, teléfono e redes sociais, ademais de dunha breve explicación dos produtos/servizos que ofrece. O prazo de inscrición rematará ás 24:00 horas do xoves 11 de outubro de 2018 ou no momento no que se alcancen as 200 solicitudes.

SÉTIMA.

Do 22 ao 26 de outubro os centros escolares participantes nas actividades organizadas polo Concello realizarán un pasarrúas polo barrio comercial que lles corresponda, visitando os comercios participantes, que deberán proveerse de castañas ou lambonadas para agasallar aos nenos e nenas que realicen o “Truco ou Trato”.

NOVENA.

Á hora de determinar o percorrido dos pasarrúas, e en función da idade dos nenos e a localización dos comercios, algún dos establecementos participantes na actividade poderá quedar fóra do itinerario. Esta decisión competará aos responsables dos centros escolares e á organización.

DÉCIMA.

O Concello realizará durante a festa do Samaín do día 31 de outubro de 2018 un concurso de disfraces con diferentes categorías, no que se entregarán 10.000€ en vales de compra a canxear nos comercios participantes na actividade promocional.

DÉCIMO PRIMEIRA.

Os vales entregados aos gañadores dos concursos serán válidos para compras nos establecementos participantes do 1 ao 30 de novembro de 2018. Os establecementos poderán realizar o cambio dos vales por efectivo ata o 5 de decembro.

DÉCIMO SEGUNDA.

Para realizar o cambio dos vales por efectivo, os establecementos participantes emitirán factura a nome da empresa adxudicataria. O importe será aboado no mesmo momento da presentación do vale de compra e a correspondente factura.

DÉCIMO TERCEIRA.

Os participantes aceptan expresamente as bases desta promoción, así como as decisións e fallo do Xurado.

